



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra



Departamento de Exportadores 14

Edificio da Lonxa - Porto de MARÍN

36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

Tfno. 886213015 gacpontevedra@gmail.com

Rocío Cochón Castro (1 para 1)
Concellería Urbanismo / Turismo
Data de Sinatura: 19/03/2025
HASH: a5c908206a91cd529ed23e45ce603f8d

Rocío Cochón Castro, con DNI número 76827048X , actuando como secretaria accidental da Asociación GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA, inscrita co número 2009/013009-1 no Rexistro de Asociacións Provincial de Pontevedra, con NIF G-36593606 e domicilio social no edificio do Concello de Marín, Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra), en virtude das competencias que teño atribuídas no artigo 20 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO:

Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 17 de marzo de 2025 con quórum dabondo, en segunda convocatoria, en base aos estatutos, no punto 4 da orde do día relativo a “Convocatoria de axudas 2024. Recurso presentado por Sandra Piñeiro Rodríguez e proposta de resolución sobre a súa solicitude de axuda”, tomáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- Todos os membros presentes da Xunta Directiva asinaron antes do comezo da avaliación dos proxectos a declaración de ausencia de conflito de intereses coa advertencia de que en caso de existencia de conflito de intereses co proxecto en avaliación, deberán ausentarse da sala.

Segundo.- A xerencia expón o recurso presentado pola promotora Sandra Piñeiro Rodríguez e a resolución da Consellería do Mar acordando retrotraer o expediente á fase de tramitación polo GALP Ría de Pontevedra. O equipo técnico revisou a documentación obrante no expediente e realizou o requirimento de documentación necesaria para completar a súa tramitación. Pasado o prazo de resposta sen que o promotor entregara documentación algunha, o equipo técnico emitiu os informes de comprobación da solicitude e de subvencionabilidade en sentido negativo por faltar estar o expediente incompleto e non cumprir os requisitos da convocatoria de axudas.

Terceiro.- A Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra aproba por unanimidade a proposta do equipo técnico de desestimación do proxecto.

A proposta incorpora o Anexo II: Proposta de resolución provisional de desestimación de axudas.

Cuarto.- Acórdase que se proceda á publicación de esta proposta no taboleiro de anuncios do GALP Ría de Pontevedra e na páxina web galp.xunta.gal coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cod. Validación: ACJJPXJN4NC2TCRT5ZTAETAXJ
Corrección: <https://concellopoio.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro

Ría de Pontevedra



Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)
Tfno. 886213015 gacpontevedra@gmail.com

Outorgase un prazo de cinco días hábiles para a presentación de alegacións a esta proposta dende a data da súa publicación.

Pasado este prazo, se non se reciben alegacións a esta resolución, acórdase que esta proposta pase a definitiva. Esta proposta definitiva, publicarase tamén na páxina web galp.xunta.gal, no taboleiro de anuncios do GALP Ría de Pontevedra – coa mesma advertencia de que non xera ningún dereito a favor dos solicitantes propostos - e enviarase a Consellería do Mar.

En caso de recibirse alegacións, acórdase que a Xunta Directiva reunirse novamente o día 27 do marzo para darlles resposta e a elaboración da proposta definitiva de aprobación e desestimación de proxectos recurrido.

E para que así conste, expido esta certificación co Visto e praxe da presidenta do GALP Ría de Pontevedra, en Marín a 19 de Marzo de 2025.

Visto e praxe,

Firmado por ***0846** MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ (R: ****9360*) el día 19/03/2025 con un certificado emitido por AC Representación

Asdo.: Rocío Cochón Castro
Secretaria accidental do GALP Ría de Pontevedra

Asdo.: María del Carmen Vázquez Nores
Presidenta do GALP Ría de Pontevedra



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR